

NOTA ACLARATORIA SOBRE O CONTIDO OBXECTO DE AVALIACIÓN DO TEMA 12 DO TEMARIO DE TITULADO/A MEDIO/A E DO TEMA 11 DO TEMARIO DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN

Por Resolución do 2 de febreiro do 2026, da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., pola que se convoca o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías da Corporación.

No anexo I da resolución de convocatoria figuraban os temarios que serven de base para a realización do cuestionario tipo test.


Os temas 12 da categoría de Titulado/a Medio/a e 11 da categoría de Técnico/a de administración é o que segue: "**MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS EUROPEOS. Directiva (UE) 2018/1808 do Parlamento Europeo e do Consello do 14 de novembro de 2018 pola que se modifica a Directiva 2010/13/UE sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual (Directiva de servizos de comunicación audiovisual). O financiamento dos medios de comunicación públicos europeos: modelos de financiamento. Disparidade no réxime de financiamento e a fiscalidade no sector audiovisual público europeo**".

Cómpre facer unha aclaración sobre o concreto contido do tema e publicala para o xeral coñecemento de todas as persoas interesadas.

Nos temas citados será obxecto de avaliación a Directiva 2010/13/UE sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual, coas modificacións operadas pola Directiva (UE) 2018/1808 do Parlamento Europeo e do Consello do 14 de novembro de 2018.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2026

Dirección de Xestión das Persoas da CSAG



Víctor Tubío villar